

## O universo “máis vivo e sincero” de Lupe Gómez

A poeta publica con **Alvarellos**  
Editora **FOSFORESCENCIAS**, un  
libro de cartas íntimas, literarias,  
fondamente poéticas... e reais.

FICHA TÉCNICA: 288 pp . 19 x 14 cms.

ISBN 978-84-16460-66-3


PVP: 16,90 € Idioma: galego

SANTIAGO DE COMPOSTELA, DECEMBRO DE 2019.- Lupe Gómez (Fisteus, Curtis, 1972), unha das voces poéticas máis singulares e respectadas dos últimos vinte anos en Galicia, publica con Alvarellos Editora (decembro, 2019) **FOSFORESCENCIAS**, un deses libros que poderíamos denominar como “inclasificable”.

“Cando xa ninguén escribe cartas a man”, como afirma a autora na introdución, ela decide manter correspondencia con amizades e diversas personalidades do mundo da escrita e da cultura de Galicia, coa finalidade de artellar un persoal libro de cartas.

“As cartas son elos que unen. Vínculos afectivos que nos achegan uns a outros e nos manteñen cos pés na terra. A lingua é algo amoroso e táctil”, afirma Lupe Gómez.

**FOSFORESCENCIAS** exprésase pois, ao longo de 288 páxinas, mediante textos íntimos, literarios, fondamente poéticos... e reais, pos-



to que foron efectivamente cartas enviadas por correo postal ás persoas destinatarias. A obra recolle tamén algunhas das cartas de volta. Emma Pedreira, Manuel Rivas, Neira Vilas, Yolanda Castaño, Amancio Prada, Francisco Pillado ou Emilio Araújo son algúns dos receptores.

Lupe Gómez, que publicou o seu primeiro libro —titulado *Pornografía*— nunha autoedición en 1995, e colleitou premios e recoñecemento durante os anos seguintes (o seu libro *Camuflaxe* foi Premio da Crítica Española en 2017), afirma hoxe: “Nas cartas recoñézome máis viva e sincera que nos libros que publico e escribo”.

**FOSFORESCENCIAS** está ilustrado polo pintor, poeta e galerista **Anxo Pastor** (Vilardonas, Ribas de Sil-Lugo, 1959), que dialoga cos textos a través da evocación, os símbolos e as cores, que modela aquí por medio de debuxos ou *collages*.

Para contactar coa autora: [lupeverdiazul@hotmail.com](mailto:lupeverdiazul@hotmail.com) - 606 51 30 71

